

# Cursos gratuítos de linguaxe administrativa e preparatorios para as probas do Celga

## Obxecto

Convocar, con carácter gratuíto, cursos de **linguaxe administrativa galega** de nivel medio e superior, presenciais e en liña, e cursos preparatorios para a consecución dos certificados de lingua galega (**Celga**), para o curso 2021/22, nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican nos anexos I e II, respectivamente.

Os cursos impartiranse entre outubro de 2021 e maio de 2022, en horario de mañá ou de tarde.

## Beneficiarios/as dos cursos

### Cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior:

1. Os/as empregados/as públicos/as da Administración autonómica, da Administración local e da Administración periférica do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia, exceptuando o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario. Deberá encontrarse en situación de servizo activo, permiso por parto ou maternidade, adopción ou acollemento, ou en excedencia polo coidado dun/dunha fillo/a ou dun/dunha familiar.
2. Poderán tamén solicitar a realización destes cursos as persoas maiores de dezaseis anos que non sexan empregados/as públicos/as e posúan os certificados ou acreditacións equivalentes. Neste suposto só se poderá optar ás prazas no caso de que non sexan cubertas por empregados/as públicos/as as prazas ofertadas para cada curso.

### Cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga:

1. Poderán ser solicitados por todas as persoas maiores de dezaseis anos, ou aquelas que os fagan no ano natural da convocatoria, que desexen preparar as probas convocadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para certificar a súa competencia en lingua galega.

## Cursos

Os cursos medio e superior de linguaxe administrativa galega terán unha duración de 75 horas e impártense en modalidade presencial e teleformación.

Os cursos preparatorios para os certificados de lingua galega (Celga) terán unha duración de 60 horas lectivas cada un.

## **Datas de realización dos cursos**

*Celga:*

As datas de inicio e remate dos cursos que figuran no anexo I son orientativas. As datas concretas de inicio faranse públicas nos taboleiros de anuncios da escola oficial de idiomas en que terá lugar o curso e na súa páxina web.

*Linguaxe administrativa:*

1. Os cursos do primeiro cuadrimestre comezarán o día 25 de outubro de 2021 e rematarán o 16 de xaneiro de 2022.
2. Os cursos do segundo cuadrimestre comezarán o día 21 de febreiro e rematarán o 8 de maio de 2021.

## **Inscrición**

As persoas que desexen participar nos cursos convocados nesta resolución deberán cubrir o formulario de inscrición telemática no enderezo [www.eoidigital.com/preinslinguagalega](http://www.eoidigital.com/preinslinguagalega)

O alumnado con necesidades educativas especiais indicará na súa solicitude a acreditación do seu grao de discapacidade. A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes.

## **Prazo de solicitude**

- Desde o día 1 ata o 10 de setembro de 2021, para os cursos do primeiro cuadrimestre (outubro-xaneiro)
- Desde o 4 ata o 14 de xaneiro de 2022, para os cursos do segundo cuadrimestre (febreiro-maio).

## **Presentación da documentación**

Unha vez rematado o proceso de asignación de prazas, o alumnado seleccionado deberá presentar na secretaría da escola onde foi admitido a documentación que se especifica:

**Celga:**

- Unha copia do DNI ou NIE (esta non será necesaria se a persoa xa foi alumna desa escola).
- O certificado de discapacidade, de ser o caso.

## **Cursos de linguaxe administrativa galega:**

- Unha copia do DNI ou NIE
- Para participar nos cursos de linguaxe administrativa galega, xustificante de ser persoal das diferentes administracións públicas de Galicia en situación de

- servizo activo ou excedencia polo coidado dun/dunha fillo/a ou dun familiar.
- O certificado de discapacidade, de ser o caso.
  - Para o curso medio de linguaxe administrativa, algún dos certificados seguintes: Celga 4, cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico para o persoal da Administración de xustiza ou curso básico de linguaxe administrativa sanitaria.
  - Para o curso superior de linguaxe administrativa, algún dos certificados seguintes: curso medio de linguaxe administrativa galega, curso medio de linguaxe xurídica galega ou calquera dos cursos equivalentes a estes,

**O prazo para a presentación desta documentación** será ata o día 17 de setembro de 2021 para os cursos do primeiro cuadrimestre, e ata o 21 de xaneiro de 2022 para os cursos do segundo cuadrimestre. A documentación presentárase telematicamente desde o enderezo [www.eoidigital.com/preinslinguagalega](http://www.eoidigital.com/preinslinguagalega).